XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

DOCUMENTO:

MEMORIA FUNCIONAL

ACTUACIÓN:

MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

DATA:

XULLO 2024

CVE: tOu76jMnSWh7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. INTRODUCIÓN

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, aposta por converter a vivenda, a rexeneración urbana e a planificación do territorio en eixos fundamentais da acción política da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en aras a impulsar e axilizar a tramitación dos procedementos previstos na normativa autonómica para favorecer a planificación territorial e o desenvolvemento e implantación das iniciativas en materia de vivenda.

Con este obxectivo, a través do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (DOG nº 101, do 27 de maio), a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas dótase dunha Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo que será a encargada de desenvolver, promocionar e coordinar a política en materia de vivenda, rehabilitación, rexeneración urbana, habitabilidade, urbanismo e planificación territorial dentro da Comunidade Autónoma de Galicia como órgano superior.

Asemade, reorganízase a Dirección Xeral de Urbanismo como órgano de dirección, co fin de orientar a planificación do territorio ao impulso dos procedementos previstos pola normativa autonómica para favorecer a implantación das iniciativas en materia de vivenda.

Finalmente, tamén se adaptan os departamentos territoriais ás novas previsións organizativas reguladas no Decreto 49/2024, do 22 de abril.

En definitiva, a nova estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas pretende responder ao reto urxente de favorecer a planificación territorial e execución de vivenda protexida, ao tempo que procura unha maior eficacia e eficiencia no seu funcionamento.

A presente memoria ten por obxecto xustificar funcionalmente a proposta de modificación da Relación de postos de traballo (RPT) da Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, aprobada por Resolución do 12 de maio do 2023 polo que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de maio do 2023 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (DOG nº 97, do 24 de maio) para adecuala aos cambios introducidos na estrutura orgánica da consellería polo Decreto 142/2024, do 20 de maio.

CVE: tOu76jMnSWh7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Trala entrada en vigor do Decreto 142/2024 do 20 de maio, a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas pasa a ser a que se reflicte de seguido



CVE: tOu76jMnSWh7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nos servizos periféricos, a disposición adicional décimo segunda do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, suprime as xefaturas territoriais existentes nas conselleiras, cuxas competencias e funcións pasan a ser asumidas polas Direccións Territoriais previstas no artigo 11 do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, na redacción dada pola disposición derradeira primeira do Decreto 49/2024, do 22 de abril.

Por outra banda, a Disposición adicional décimo cuarta do Decreto 49/2024, do 22 de abril, dispón que a Consellería competente en materia de función pública procederá á modificación das relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adaptalas á supresión dos postos de traballo das persoas titulares das xefaturas territoriais

Por centros directivos, as modificacións introducidas son as que deseguido se detallan

1. SECRETARÍA XERAL DE VIVENDA E URBANISMO

1.1 CREACIÓNS

Dependendo da Secretaria Xeral de Vivenda e Urbanismo, créase a **Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación** á que lle corresponden, entre outras, ademais das funcións de estudo, impulso e elaboración de propostas normativas, plans e programas dentro do ámbito de competencia desta Secretaría Xeral, a elaboración dos informes respecto dos instrumentos de ordenación do territorio, que se formulen por iniciativa da consellería relativas ao desenvolvemento de solo residencial e á implantación de vivenda, así como o impulso da cooperación, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión, planificación do territorio e promoción da vivenda.

As funcións encomendadas xustifican a configuración do posto de nova creación como a seguir se detalla:

POSTOS CREADOS							
Código do posto	Centro de destino	Denominación	Nivel	Forma prov	Subgrupo	Corpo/esc	Ads.Adm P
IV.301.00.001.15770.001	Secretaría de Vivenda e Urbanismo	Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación	30	LD	A1	XERAL/ESPECIAL	A18

CVE: tOu76jMnSWh7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.2 CAMBIO DE DEPENDENCIA E DE CORPOS/ESCALAS

Co fín de reforzar a prioridade da política de vivenda e dotar dos medios necesarios á Secretaría xeral de Vivenda e Urbanismo, na súa xestión dos instrumentos de ordenación necesarios para a implantación de vivenda pública protexida, adscríbese á Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación da Secretaria Xeral de Vivenda e Urbanismo o **Servizo de Apoio Técnico**.

O Servizo de Apoio Técnico que, con anterioridade á entrada en vigor da estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, estaba adscrito á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ten atribuídas, de conformidade co artigo 14.2.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, as funcións que lle encomende a Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación, no que atinxe a esta área técnico - administrativa.

Polo tanto, coa vixente estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, amplíanse as funcións encomendadas ao Servizo de Apoio Técnico, que non se limitan unicamente ás meramente técnicas, senón que se estenden tamén ás administrativas.

Isto é así porque unha parte importante das funcións encomendadas ao posto de traballo, concretamente as relativas ao urbanismo e á ordenación do territorio, poden ser desenvolvidas indistintamente por un arquitecto ou por outro titulado superior de corpos xerais, como por exemplo, a emisión de informes sobre os instrumentos de ordenación do territorio previstos na Lei de ordenación do territorio.

Como consecuencia desta dualidade, o servizo pasa a ter as seguintes características:

RPT ACTUAL								
Cód. Posto	**Denominación**	**Centro de destino**	**Nivel**	**Forma Prov**	**Subgrupo**	**Corpo/escala**	**Adscr. Adm**	**Formación Específica**
MAC05.00.003.15770.020	Xefatura Servizo de Apoio Técnico	Dirección Xeral de Urbanismo	28	CE	A1	ESA/ESE1	A18	640
MODIFICACIÓN PROPOSTA								
Cód. Posto	**Denominación**	**Centro de destino**	**Nivel**	**Forma Prov**	**Subgrupo**	**Corpo/escala**	**Adscr. Adm**	**Formación Específica**
IV.301.00.001.15770.010	Xefatura Servizo de Apoio Técnico	Secretaría xeral de Vivenda e Urbanismo	28	CE	A1	XERAL/ESPECIAL	A18	640
ESA: ESPECIAL (ESCALA ARQUITECTOS)								
ESE1 : ESPECIAL (ESCALA ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS)								

2. DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO

2.1 AMORTIZACIÓNS

CVE: tOu76jMnSWh7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O Decreto 142/2024, amortiza a **Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio**, adscrita á Dirección Xeral de Urbanismo.

As competencias en materia de ordenación do litoral que ata a entrada en vigor do Decreto 142/2024, ostentaba a Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio, dependente da Dirección Xeral de Urbanismo, pasan a ser asumidas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a cal, segundo o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, exercerá as funcións e competencias en ordenación do litoral e en especial as que se deriven da aplicación dos parágrafos 3 e 4 do artigo 11 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

Por outra banda, tal e como xa se avanzou no anterior parágrafo a nova Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación, creada na Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, asume as competencias de elaboración de informes en materia de instrumentos de ordenación do territorio no eido do solo residencial e implantación de vivenda.

As restantes competencias en materia de ordenación do territorio que viña desenvolvendo a extinta Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio pasan a ser asumidas pola Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica.

Todo o anterior xustifica a amortización do posto, configurado do seguinte xeito:

POSTOS AMORTIZADOS:							
Código do posto	**Centro de destino**	**Denominación**	**Nivel**	**Forma prov**	**Subgrupo**	**Corpo/esc**	**Ads.Adm P**
MA.C05.00.001.15770.001	Dirección xeral de Urbanismo	Subdirección Xeral de Ordenación do territorio	30	LD	A1	XERAL/ESPECIAL	A18

2.2 CAMBIO DE DEPENDENCIA ORGÁNICA

O **Servizo de Autorizacións e Informes Sectoriais** dependente da extinta Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio na Dirección Xeral de Urbanismo, adscribirase á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, dado que as funcións que viña desenvolvendo esta unidade administrativa, en virtude do previsto no artigo 13 do Decreto 42/2019, de 28 de marzo, por el que se establece la estructura orgánica de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda, en materia de costas e de autorizacións en zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, pasan a ser asumidas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

CVE: tOu76jMnSWh7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

tendo en conta que as competencias en materia de ordenación do litoral serán asumidas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

2.3 CAMBIOS DE DENOMINACIÓN, DEPENDENCIA E OUTRAS MODIFICACIÓNS

A antiga Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo asume as funcións que en materia de ordenación do territorio tiña encomenda a desaparecida Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio e que non pasaron a outras unidades administrativas, ademais das relativas á xestión económica e orzamentaria.

Esta nova asunción de competencias xustifica, ademais do necesario cambio de denominación que pasa ser **Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica** para adecualo aos cometidos a desenvolver pola unidade, a apertura do corpo de adscrición do posto a XERAL/ESPECIAL, seguindo os criterios sentados pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de maio de 2008, segundo a que en materia de ordenación do territorio, arquitectos superiores e enxeñeiros de camiños están capacitados para o desenvolvemento das funcións propias destas prazas, así como polo feito, xa apuntado anteriormente, de que as funcións en materia de ordenación do territorio poden ser desenvolvidas por titulados superiores tanto de corpos xerais como de corpos especiais.

Ademais, aproveitase esta modificación para suprimir o requisito de licenciatura en dereito, así como para pechar a adscrición do posto a outras Administracións, quedando para a adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia.

RPT ACTUAL						
Cód. Posto	**Denominación**	**Centro de destino**	**Corpo/escala**	**Adscr. Adm**	**Titulación Académica**	**Formación Específica**
MAC05.00.003.15770.001	Subdirección Xeral de réxime xurídico-Administrativo	Dirección Xeral de Urbanismo	XERAL	A18	2062	640
MODIFICACIÓN PROPOSTA						
Cód. Posto	**Denominación**	**Centro de destino**	**Corpo/escala**	**Adscr. Adm**	**Titulación Académica**	**Formación Específica**
IV.302.00.002.15770001	Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica	Dirección Xeral de Urbanismo	XERAL/ESPECIAL	AGX		

O Servizo de Ordenación Territorial dependente da extinta Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio pasa a denominarse **Servizo de Informes Sectoriais**, e se adscribe á Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica.

Dado que este servizo non cambia as funcións que viña desenvolvendo en materia de ordenación do territorio, o cambio de denominación e dependencia, introducido polo Decreto 142/2024, ven motivado porque, como xa se explicou ao longo desta memoria, as funcións que en materia de ordenación do territorio quedan residenciadas na Dirección Xeral de Urbanismo son asumidas pola Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica

CVE: tOu76jMnSWh7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O **Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria** adscríbese á Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica, que pasa a asumir as competencias en materia e xestión económica e orzamentaria

3. XEFATURAS TERRITORIAIS

A disposición adicional décimo segunda do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, suprime as xefaturas territoriais existentes nas conselleiras, cuxas competencias e funcións pasan a ser asumidas polas Direccións Territoriais previstas no artigo 11 do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, na redacción dada pola disposición derradeira primeira do Decreto 49/2024, do 22 de abril.

A Disposición adicional décimo cuarta do Decreto 49/2024, do 22 de abril, dispón que a Consellería competente en materia de función pública procederá á modificación das relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adaptalas á supresión dos postos de traballo das persoas titulares das xefaturas territoriais.

Os postos a amortizar son os que deseguido se reflicten:

POSTOS AMORTIZADOS:							
Código do posto	**Centro de destino**	**Denominación**	**Nivel**	**Forma prov**	**Subgrupo**	**Corpo/esc**	**Ads.Adm P**
IV.C99.10.000.15001.001	Xefatura territorial A Coruña	Xefe/a territorial	28	LD	A1A2	A3	A12
IV.C99.10.000.27001.001	Xefatura territorial Lugo	Xefe/a territorial	28	LD	A1A2	A3	A12
IV.C99.10.000.32001.001	Xefatura territorial Ourense	Xefe/a territorial	28	LD	A1A2	A3	A12
IV.C99.10.000.36001.001	Xefatura territorial Pontevedra	Xefe/a territorial	28	LD	A1A2	A3	A12

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Subdirectora Xeral de Persoal e Xestión Económica

Laura Basoa Pérez

CONFORME

O secretario xeral técnico

Yago Borrajo Sánchez

Asinado por: BORRAJO SÁNCHEZ, YAGO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 08/07/2024 14:07:17

Asinado por: BASOA PEREZ, LAURA
Cargo: Subdirectora Xeral
Data e hora: 08/07/2024 13:56:42

CVE: tOu76jMnSWh7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve